



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticum

Materia	Prácticum			
Código	O05M138V01204			
Titulación	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	12	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	García Señorán, María del Mar			
Profesorado	García Señorán, María del Mar			
Correo-e	msenoran@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten carácter obrigatorio. O seu propósito xeral e que o alumnado se poña en contacto directo con servizos e institucións que traballen con colectivos relacionados coa temática do máster			

Competencias de titulación

Código				
A2	Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as aportacións innovadoras			
A3	Ser capaz de analizar prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, detectando puntos fortes e débiles, con especial énfase nas de carácter innovador			
A5	Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica			
A6	Coñecer a lexislación básica referida á diversidade nos contextos educativos e socio-educativos, analizando a súa implicación no exercicio profesional			
A7	Identificar os servizos de apoio escolares e socio-comunitarios que poden ser de utilidade no ámbito da diversidade			
A8	Planificar e organizar traballos tutelados, sendo capaz de buscar e analizar información procedente de diferentes fontes, obter e analizar datos e elaborar con corrección un informe relacionado con algún dos módulos do mestrado			
A13	Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade			
B1	Utilizar as novas tecnoloxías en diferentes contextos: formativos, de investigación, de aplicación profesional, para difundir e compartir ideas, etc.			
B2	Dominar diferentes estratexias metodolóxicas co propósito de mellorar as condutas profesionais e facilitar a aprendizaxe autónoma, a través do emprego de recursos como os contratos de aprendizaxe, a aprendizaxe baseada en problemas ou o uso de portafolios			
B3	Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade			
B5	Favorecer o traballo cooperativo, asumindo responsabilidades e aceptando a disparidade de opinións			

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Adquirir unha formación práctica de carácter multidisciplinar en contextos profesionais reais, con énfase nos aspectos relacionados coa diversidade en xeral ou con algunha das diversidades contempladas nos módulos específicos do máster	A2	
Establecer un contacto directo con experiencias profesionais innovadoras relacionadas coa diversidade, analizando as posibilidades de ser transferidas a outros contextos laborais emerxentes	A3 A13	B5
Favorecer a adquisición de destrezas relacionadas co deseño e posta en práctica de programas de intervención, sendo conscientes das implicacións éticas derivadas das decisións profesionais	A2 A5	

Coñecer a estrutura e finalidades dos servizos ou institucións nos que se realicen as prácticas, así como analizar a documentación básica na que se sustente a actividade do servizo ou institución, tanto informes, programas como marco legislativo, fixándose especialmente no relativo á diversidade	A6 A7	
Desenvolver actividades de observación sistemática das actuacións dos profesionais e colaborar cos profesionais da institución ou servizo no que eles consideren pertinente	A3 A8	
Deseñar e, se é posible, poñer en práctica algunha proposta de intervención específica de inclusión e normalización da diversidade	A2	B2
Deseñar un perfil profesional que inclúa actuacións relacionadas coa diversidade, perfís relacionados especialmente con novos xacementos de emprego	A3 A7	
Utilizar as novas tecnoloxías da información e a comunicación adaptadas ao contexto laboral do practicum		B1
Adquirir habilidades de comunicación e traballo colaborativo con profesionais de diferente formación e responsabilidades		B5
Adquirir condutas de respecto e axuda, en especial cara aquelas persoas ou colectivos que estean en risco de exclusión social ou de marxinación		B3
Ser capaz de elaborar unha memoria que reflicta as aprendizaxes máis importantes adquiridas no practicum, seguindo a estrutura recomendada polo titor ou titora do máster	A8	

Contidos

Tema	
As prácticas externas como instrumento de desenvolvemento de profesionais en formación e noveles	Propósitos formativos do Practicum A transición da teoría á práctica Importancia da adquisición de coñecementos prácticos
As institucións e servizos que se ofrecen no Practicum	Institucións, servizos e atención a colectivos Perfís profesionais instalados e emerxentes

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas externas	120	150	270
Titoría en grupo	30	0	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas externas	O estudante desenvolve as actividades nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión
Titoría en grupo	A asesoramento realizado tanto con anterioridade ao comezo das prácticas como durante a súa realización. A titorización ademais de se realizar en grupo, tamén se ofrecerá individualmente

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	A atención ao alumnado realizarase a través de diversas vías: a través da plataforma Tema, por correo electrónico, telefonicamente, e na propia aula de 20 a 22 hs. os xoves e venres. Os estudantes tamén poderán usar as horas de titoría que ten o profesorado no seu gabinete.
Prácticas externas	A atención ao alumnado realizarase a través de diversas vías: a través da plataforma Tema, por correo electrónico, telefonicamente, e na propia aula de 20 a 22 hs. os xoves e venres. Os estudantes tamén poderán usar as horas de titoría que ten o profesorado no seu gabinete.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Prácticas externas	(1) Informe da titora ou titor externo (ata o 50%) (2) Valoración, por parte da titora ou titor académico, da memoria de prácticas no que se describan as actividades realizadas no practicum e a valoración persoal dende unha óptica profesional sobre a experiencia nas prácticas (ata 40%)	90
Titoría en grupo	Seguimento da titora ou titor do mestrado do labor desenvolvido no practicum	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

O Practicum nas institucións ten unha duración de 120 horas. Cada estudante terá unha titora ou titor tanto no mestrado como na institución de prácticas. Daráselle ao alumnado a información e documentación necesaria.

A memoria terá unha extensión máxima de 10 folios.

As actividades non superadas/realizadas na 1ª convocatoria poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo, manténdose

as puntuacións previamente conseguidas

Bibliografía. Fontes de información

Os recursos documentais e bibliográficos estarán relacionados coas actividades ou servizos nos que o estudante realice o Practicum

Recomendacións

Outros comentarios

- As horas de prácticas nas institucións ou servizos son 120
 - Documentación básica que se entrega ao estudante:
 - o Ficha de avaliación
 - o Ficha de sinaturas
 - o Impreso de solicitude de certificado de titor/a do practicum
 - Estructura básica da memoria:
 - o Introducción
 - o Contextualización
 - o Actividades realizadas no practicum
 - o Valoración do practicum
 - o Anexos
-